

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Para a elaboración da presente programación tivose en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

As liñas básicas desta programación son a educación en valores, o fomento de actitudes de respecto, cara ás culturas e a diversidade das persoas, a igualdade de xénero e a non violencia, nunha aula inclusiva, que recoñece a diferenza como virtude e a diversidade como capacidade. A coeducación, multidisciplinar e afectiva, a cooperación, globalización de contidos, mediante o uso de metodoloxías activas, participativas e comunicativas, e por suposto dende as emocións. Enseñando a convivir como aproveitamento dunha sociedade en pequeno, que é a escola. Intercambiando boas prácticas de convivencia, para a educación emocional, xestión e resolución pacífica de conflitos. O uso das ferramentas das TIC, nesta sociedade do coñecemento, dotando ao alumnado, nativo dixital, das ferramentas necesarias para chegar as redes de información precisas en cada momento. Tendo en conta a comunidade educativa, dende unha "Cultura Colaborativa", onde toda a comunidade está implicada e participa a prol da evolución positiva dos nosos nenos e nenas, onde a función tutorial será principalmente o acompañamento ao alumnado, no proceso de converterse en persoas capaces de construír un proxecto persoal e propio de vida. Axudarlles a desenvolver as súas competencias, valores, e habilidades que lles permitan tomar decisións como persoas autónomas.

O centro ao que vai dirixida é un CEIP de titularidade pública enmarcado nunha zona rural do sur da provincia de Lugo. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. Conta cun total de 19 mestres e mestras e 147 alumnos e alumnas, os cales se dividen en 3 unidades de educación infantil e 7 de educación primaria. O centro oferta as materias pertinentes do currículo de Educación Infantil e Educación Primaria. A lingua estranxeira ofertada é o inglés, así mesmo, ofértase unha sección bilingüe na materia de educación artística (plástica) nos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de educación primaria.

O grupo de 1º de educación primaria está formado por 15 nenos e nenas. Cada un deles/as é un ser único que segue o seu propio proceso de desenvolvemento. O comezo deste período está caracterizado pola aparición das operacións concretas, mentres que o que caracteriza o seu final é a emerxencia do pensamento formal. O alumnado neste momento evolutivo experimenta unha verdadeira "Revolución Cognitiva".

O coñecemento das características xerais dos nenos, axudaranos a estruturar mellor o noso labor docente para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe e axustarnos ás necesidades, ritmos, estilos e intereses individuais de cada alumno e alumna. Nestes termos preténdese unha atención individualizada tendo en conta as medidas pertinentes de atención á diversidade, seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As unidades didácticas estarán divididas en trimestres, correspondendo 3 a cada un destes períodos de tempo, e unha unidade transversal que se traballa en cada un dos trimestres. As unidades didácticas están elaboradas cun enfoque globalizador, é por iso que os títulos das mesmas coinciden ou se asemellan nas diferentes materias co fin de facilitar as aprendizaxes do alumnado centrándonos sempre nun mesmo contexto en cada unha das materias. Cabe destacar que no centro levase a cabo un PDI "Un territorio con moita historia" que se traballará ao longo dos tres trimestres e é o eixo vertebrador ou fío conductor de toda a programación didáctica. Participamos no Plan Proxecto "Proxecto Terra", Contratos Programa, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e Biblioteca Creativa. Incidir tamén na importancia do uso dos contos, non so como principal ferramenta para achegarse e asentarse a lectoescritura, tamén para favorecer un adecuado hábito lector e gusto pola lectura.

A área de CIENCIAS SOCIAIS estrutúrase en catro bloques:

-Ciencia e Tecnoloxía.

-Mundo e o desenvolvemento sostible.

-Vivir en sociedade .

-Leccións do pasado.

A gradación destes contidos, a súa programación e a súa secuenciación non deben seguir necesariamente unha certa orde cronolóxica, senón que deben traballarse de forma integrada, adaptándose ás intencións didácticas e ás esixencias formativas que os alumnos require. Esta área destaca na importancia que ten no desenvolvemento e formación do alumnado de 6 e 7 anos de idade, xa que axuda á súa socialización e tamén ao seu desenvolvemento persoal. Ademais ten como unha das súas finalidades iniciar a preparación de futuros cidadáns, proporciona recursos para coñecer o entorno cotián respectándoo e comprender a realidade desenvolvendo actitudes críticas e aceptando as diferenzas.

Por último, a avaliación deste documento desenvolverase sobre as bases establecidas na Orde do 26 de maio de

2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, e que, así mesmo, complementa a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comeza unha nova aventura	Esta unidade de benvida enfócase nos coñecementos e experiencias previas propias do alumnado a partir das cales se empezarán a desenvolver os procesos.	4	5	X		
2	A casa da aldea	Esta primeira unidade ten como obxectivo principal facilitar o período de adaptación do alumnado. Para iso, propónse actividades sobre o coñecemento da súa contorna inmediata, partindo da casa da aldea, para favorecer a integración e a convivencia na contorna escolar. Vaise facer fincapé na adquisición de novas habilidades e rutinas que rexen a marcha do curso e contribúen ao seu desenvolvemento óptimo e efectivo. Incídese, especialmente, no traballo colaborativo e cooperativo para determinar cando pedir e ofrecer axuda en situacións da contorna escolar.	10	6	X		
3	Magosto no parque	Nesta unidade do curso preséntase o parque da alameda; preténdese espertar o interese do alumnado por explorar a nosa contorna máis próxima. Pónse o acento na observación e interpretación de imaxes e enunciados breves para a obtención de conclusións, así como na realización dun caderno de campo como ferramenta para iniciarse en procesos de investigación e organización de	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Magosto no parque	información.	10	7	X		
4	Noiteboa en familia	<p>Nesta última unidade do primeiro trimestre, presentamos unha Noiteboa en familia; vaise a facer fincapé na importancia de coñecer as persoas coas que convivimos: familia, clase, amigos, etc., para favorecer o desenvolvemento de hábitos de comportamento positivos con elas e coa contorna que nos rodea.</p> <p>Os aspectos máis destacados que se van tratar son: identificación, expresión e escoita de emocións e necesidades orientadas ao benestar persoal e social; mostra da consciencia da súa pertenza a certos grupos sociais con características e trazos propios; a autoavaliación como ferramenta para establecer pautas de mellora no seu proceso de aprendizaxe.</p>	10	7	X		
5	Xa é inverno no Xeoparque	<p>Nesta primeira unidade do segundo trimestre imos converternos en exploradores para dar a coñecer as paisaxes e os seres vivos que o habitan. Ponse o acento nos seguintes aspectos: iniciación na observación guiada dos elementos principais da contorna e a identificación e comparación das súas características; vinculación das aprendizaxes con situacións da vida cotiá e a súa utilidade.</p>	10	7		X	
6	Nevarada na vila	<p>Nesta quinta unidade do curso tentaremos espertar o interese do alumnado por coñecer con máis detalle como é a vida nun ambiente destacado, presentando unha Nevarada na vila.</p> <p>Ponse o foco, especialmente, na valoración da riqueza que achega a diversidade cultural que define e caracteriza a outros grupos e sociedades.</p>	10	7		X	
7	O tempo no Caurel.	<p>Nesta unidade presentamos traballarase aspecto relacionados cos materiais que predominan nesta zona e a gran influencia que exerce a auga na modificación das paisaxes e a supervivencia dos seres vivos.</p>	10	7		X	
8	Merenda na beira do río	<p>Nesta unidade que nos ocupa, presentamos unha Merenda na beira do río; imos centrar o interese nas paisaxes de chaira e as súas formas de relevo e outros trazos elementais.</p> <p>Ponse o foco na participación en actividades lúdicas colaborativas para</p>	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Merenda na beira do río	desenvolver habilidades e actitudes relacionadas coa empatía, a axuda e a cohesión¿	10	7			X
9	Acampada no Courel	Na presente unidade, centrámonos na serra, presentando unha Acampada non Courel; o tema principal é a paisaxe de montaña e os seres vivos que habitan nel. Coñecer as súas características e formas de vida vai achegar ao alumnado a este tipo de hábitat tan concorrido para o gozo de actividades de lecer e tempo libre. Ponse o acento nos seguintes aspectos: predición do tempo atmosférico e definición dos fenómenos máis recorrentes na nosa climatoloxía; valoración dos recursos naturais como fonte de enerxía e sustentabilidade¿	10	7			X
10	Visita ao Museo da Cultura Castrexa	Nesta última unidade do curso, presentamos unha Visita ao Museo da Cultura Castrexa; imos traballar como eixo motivador e globalizador a época da Prehistoria. O alumnado coñecerá as súas formas de agrupamento e as tarefas que se realizaban, algúns restos arqueolóxicos e os seus usos, as súas formas de expresión artística, etc. Os aspectos que destacamos son: valoración da diversidade multicultural e aprecio polas achegas e costumes que nos transmitiron e que perduran na actualidade; observación e descrición dos materiais de diferentes obxectos e a súa clasificación, atendendo a distintos criterios¿	10	7			X
11	UNIDADE TRANSVERSAL	Nesta unidade que se desenvolve ao longo do curso recollense aqueles aspectos transversais da área.	6	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comeza unha nova aventura	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Recoñecer a escola como institución e coñecer as normas para unha boa convivencia .	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
2	A casa da aldea	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar a escola como institución e coñecer as normas de funcionamento para unha boa convivencia, apreciando as funcións das persoas que traballan nela.	PE	60
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar as normas de convivencia e as normas como peóns ou usuarios de medios de locomoción.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
3	Magosto no parque	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Identifica as manifestacións culturais da contorna e valora a riqueza com fonte de aprendizaxe.	PE	60
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Rexistra as observacións de forma clara.	TI	40
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	Noiteboa en familia	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos da contorna social entendendo as relacións de parentesco.	PE	60
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar as institucións da contorna.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación de xeito guiado.	TI	40
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece as normas de convivencia en espazos públicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	Xa é inverno no Xeoparque	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Establecer conexións entre os elementos do medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Realiza experimentos de xeito guiado rexistrando resultados.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
6	Nevarada na vila	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características das propiedades do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	establecer conexións sinxelas entre os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	realizr experimentos de forma guiada, rexistrando datos e empregando técnicas de indagación.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
7	O tempo no Caurel.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Coñecer as propiedades dos elementos do medio.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Establecer conexións entre os diferentes elementos do medio.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de maneira guiada.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
8	Merenda na beira do río	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Establecer conexións entre os elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar diversas fontes na procura de información de maneira guiada.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.
- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.

UD	Título da UD	Duración
9	Acampada no Courel	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Utilizar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata.	PE	60
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e feitos relevantes da historia da contorna.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos do medio.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
10	Visita ao Museo da Cultura Castrexa	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Utilizar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata.	PE	60
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer os aspectos máis relevantes da historia da súa contorna.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Establecer conexións entre os diferentes elementos do medio.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
11	UNIDADE TRANSVERSAL	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Empregar dispositivos dixitais de xeito seguro.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Valorar as aprendizaxes sobre os fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empregar actitudes democráticas, identifica responsabilidades e mostra unha linguaxe inclusiva.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable aplicables a todos os ámbitos da vida.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade en relación aos fenómenos próximos, a través da formulación de preguntas e establecendo predicións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En liñas xerais está programación didáctica sigue os seguintes principios metodolóxicos.

Principio de consistencia evolutiva: Supón a necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, do nivel do grupo, de xeito que toda a intervención educativa debe ter en conta o desenvolvemento psiconevolutivo do alumno/a.

Principio de aprendizaxe significativa: É Ausubel o primeiro que fai referencia ao termo de aprendizaxe significativa. Define aprendizaxe significativa como aquilo que relaciona as novas aprendizaxes cos que xa se atopan na estrutura cognitiva. O profesor partindo dos coñecementos previos dos seus alumnos/as, debe presentar actividades que atraian o seu interese e que o alumno poida relacionar coas experiencias anteriores para iso en todas as unidades se realizan actividades de introducción e activación dos coñecementos previos. Potenciar a autonomía e a liberdade autorregulada do alumnado na súa aprendizaxe: Ou o que ven a dicir o mesmo a seguinte expresión: “Que o neno/a aprenda a aprender” dotando aos alumnos/as das estratexias necesarias para elo. Por iso as metodoloxías aplicadas nas uniades didacticas pretenden que o alumnado se desenvolva nun Entorno Personal de Aprendizaxe (PLE). O alumno debe sentirse responsable das propias decisións e afrontar as consecuencias. Aprender a decidir libremente é unha tarefa chea de dificultades que debe iniciarse o máis cedo posible. O profesor é simplemente un mediador ou guía para que a liberdade de cada un non vulnere o dereito de liberdade dos outros. Promover a actividade-interactividad por parte do alumnado: A actividade é unha das características fundamentais do alumno/a de Primaria. Sigo o Principio de estimulación sensorial e lingüística, a cantos máis estímulos estea exposto un alumno máis pode aprender. Por iso hai que utilizar gran variedade de recursos e en diferentes modalidades sensoriais.

As comunicacións intrapersonais, socialización: mediante o traballo cooperativo. Como sinala Bruner “os alumnos expertos poden ofrecer axuda aos inexpertos” o que ven sendo a Tutoría entre iguais que se leva acabo na aula. Sigo o principio de clima afectivo e de seguridade, o alumno só sentirá desexo de aprender cando teña cubertas previamente as necesidades básicas de afecto e seguridade. As relacións co profesor/a son decisivas para o desenvolvemento da identidade e das características da personalidade do neno/a. Por iso se traballa directamente a xestión das emocións.

Partir da diversidade da aula, individualización: É importante coñecer a situación particular de cada neno/a, os seus intereses, circunstancias sociais e culturais e adaptarse a iso para que se produza a aprendizaxe. Por iso son tan importantes as actividades de ampliación e reforzo.

Perspectiva globalizadora: O pensamento do neno/a non é analítico senón sincrético ou global, por iso as experiencias educativas que se leven a cabo deben relacionar os distintos contidos das diferentes áreas, e dende unha perspectiva real.

Carácter lúdico das actividades: imprescindible, pois a través del, o neno/a elabora a súa aprendizaxe, crece, desenvólvese, e ademais é unha actividade que lle produce pracer e benestar. Por iso gran parte das actividades que se propoñen para desenvolver nesta programación teñen un compoñente lúdico, (del Toro). Ademais hoxe en día o emprego das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación provocan que a realidade da escola sexa máis motivadora e que o profesor non sexa a única fonte de información.

Principio de pedagogía do éxito e motivación: Segundo Vigotsky, os pequenos logros e a motivación serán a base da nosa metodoloxía.

Na aula seguiranse unha serie de metodoloxías e técnicas que se escolleron por considerar que son as máis adecuadas as características que presenta o grupo. En liñas xerais é unha metodoloxía activa e participativa, onde o mestre é o de guía e son os alumnos e alumnas os protagonistas de todo o proceso. Ademais disto será flexible e personalizada cando se requira e terá en conta os diferentes niveis e capacidades do alumnado así como as súas características individuais e como grupo. Está encamiñada a que o alumno acade o mellor posible as competencias clave, especialmente aquelas nas que esta materia pode contribuír en maior medida e fomentar o desenvolvemento das diferentes intelixencias múltiples (Gardner). Seguense as directrices de teorías innovadoras de aprendizaxe como é o “Conectivismo,” cuxo principal impulsor é George Siemens e relacionase co uso das TIC. Esta é a teoría do aprendizaxe na era dixital, defende que as aprendizaxes residen fóra dos alumnos, está enfocado a conectar con conxuntos de información cando sexa necesario para así aprender máis. A nova información adquirida, posibilita que o alumno recoñeza cando a información é importante e cando non é, a compartir os seus coñecementos cos demais mentres que os demais comparten con el. “ O importante non é que os nenos /as saiban hoxe, senon que sexan capaces de aprender a buscar o que necesitarán saber mañá”.

Por último desenvólvense actividades do APRENDIZAXE BASEADO NO PENSAMENTO, traballando as diferentes rutinas de pensamento.

Debemos ter en conta as necesidades do neno/a e en función delas organizar o espazo para favorecer así o desenvolvemento de todas as potencialidades. Foron moitas as razóns que me levaron a organizar o aula por recunchos ou estacións de traballo, entre outras porque:

- Axudan o paso da educación infantil a primaria.
- Fomentan o aprendizaxe significativo e funcional.
- Axudan ao neno/a a pasar do egocentrismo á socialización.
- Favorecen a autonomía persoal e promoven a responsabilidade.
- Espertan a curiosidade e o interese
- Favorecen a experimentación, a observación e a manipulación.
- Fomentan a busca creativa de solucións.
- Axudan ao desenvolvemento da linguaxe verbal.
- O neno/a atopa o espazo e o tempo necesario para pensar por sí so.

Todos os nenos e nenas durante unha sesión en cada unidade, traballarán nos nosos catro recunchos noemados con anterioridade. Cada grupo deben pasar por todos os recunchos e realizar a actividade que eu propoña.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros do alumnado.

Materiais manipulativos
Láminas.
Caixa de xogos
Vídeos.
Libros de recursos.
Probas de avaliación
Personalización da aprendizaxe con fichas de reforzo da aprendizaxe e propostas de ampliación.
Tablet

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

-Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

- Entrevistas.

- Autoavaliación.

-Rutinas de pensamento.

-Cuestionarios de avaliación inicial

-Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	100	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	100
Proba escrita	0	54
Táboa de indicadores	100	46

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Contamos cunha táboa-resumen dos pesos de cada unidade da materia e dos graos mínimos de consecución. A unidade transversal avalíase nos tres trimestres, aportando o valor proporcional do peso total, sendo 2% en cada un. A avaliación é continua, polo que o resultado da terceira avaliación é o resultado da avaliación final.

Criterios de recuperación:

Estaremos atentos e levaremos unha observación diaria e cando notemos que o alumno alumna necesite reforzo nalgún item ou non acadada algún obxectivo , proporcionaremoslle reforzo mediante actividades de reforzo e repaso neses aspectos.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A acción educativa docente debe ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que necesite cada un para así garantir a súa liberdade, a súa autonomía e o seu desenvolvemento cotián. É evidente que os alumnos/as son diferentes uns doutros e que estas diferenzas refírense a varios factores: capacidades, motivacións, intereses, situación socioeconómica e familiar... polo que o mestre/a deberá atender a estas diferenzas e axustar a elas a súa intervención educativa.

Dentro desa diversidade, atopamos alumnos e alumnas con Necesidade específica de apoio educativo, engloba aos alumnos e alumnas que requiran, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Hai dous principios claves a ter en conta cos alumnos/as de Necesidades Específicas de Apoio Educativo, que son a normalización e a inclusión. A inclusión trátase dun concepto que vai máis alá da integración. Por todo isto, débese atender ás diferenzas e axustar a elas a intervención educativa. As programacións deben incorporar adaptacións para os alumnos/as con características especiais e permitir facer cambios, xa que son abertas e flexibles.

En xeral, aténdese a diversidade da aula mediante as actividades de reforzo, ampliación cando sexa necesario. Ademais debido as características do alumnado da aula contamos co apoio de especialistas en PT e AL e cunha cuidadora.

As medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para acudir ao centro educativo por causas xustificadas, serán o uso da aula virtual, videoconferencias por plataformas corporativas e mensaxería por

Abalar.

As estratexias de deseño univeral de aprendizaxe coincide coas técnicas e principios especificados no apartado de metodoloxía desta programación.

Tendo en conta esta diversidade coa que contamos na aula teñense en conta os diferentes protocolos sendo os máis relevantes nesta aula o Protocolo de protección de datos, Protocolo de atención educativa para o alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia, Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar e Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - E.T.1 Emprendemento.	X	X					X	
ET.2 - E.T.2 Igualdade de xénero.						X		
ET.3 - E.T.3. Educación para a paz				X				
ET.4 - E.T.4. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X						X
ET.5 - E.T.5. Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X		X			
ET.6 - E.T.6. Educación emocional e en valores.	X	X						

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - E.T.1 Emprendemento.		X	X
ET.2 - E.T.2 Igualdade de xénero.			X
ET.3 - E.T.3. Educación para a paz			
ET.4 - E.T.4. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Educación para a saúde (incluída a sexual).			
ET.6 - E.T.6. Educación emocional e en valores.		X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PDI: "Un territorio con moita historia"	PDI: da biblioteca polo que traballaremos de xeito interdisciplinar e como eixo conductor a historia da contorna, no caso das ciencias sociais, contribúese atendendo ao eido social e cultural.	X	X	X
Plan Proxecta: "Proxecto terra"	Está solicitado o Plan Proxecta no que, de ser aprobado, traballaremos aspectos relacionados coa materia.	X	X	X
Saída Minas Romanas de Margaride	Aproveitando a visita á piscifactoría do Lor e a colocación da cámara de fototrampeo, visitaremos as minas de Margaride. Esta saída está estreitamente relacionada co PDI pero tamén cos contidos das Cinecias socias de coñecemento da contorna máis próxima atendendo a aspectos culturais e sociais.	X		
Visita ao Concello de Quiroga	Na primeira semana de decembro e con motivo da celebración do día da Constitución Española acudiremos ao concello, ao longo das primeiras unidades do curso, entre outros contidos trabállanse as institucións da contorna e as normas de convivencia, comezando polo centro educativo ata chegar a localidade, sendo a institución o concello.	X		
Saída Castelo dos Novaes	Ponse o foco, especialmente, na valoración da riqueza que achega a diversidade cultural que nos caracteriza como pobo coñecendo as construcións do pasado e a súa forma de vida.		X	
Obradoiro "Silueta das emocións"	Nas primeiras semanas de curso levarase a cabo este obradoiro para recoñecer máis de preto as diferentes emocións, como expresalas e como convivir na aula respectando e colaborando para un clima de aula empático.	X		
Museo da Cultura Castrexa	Esta saída relacionase co PDI, pero está estreitamente ligada a unidade 9.			X

Observacións:

Tendo en conta o carácter fléxible de toda programación debemos indicar que as diferentes actividades complementarias poden variar ao longo do curso por diversas circunstancias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Teñen relación as actividades levadas acabo na aula co currículo

Metodoloxía empregada
Empregaronse as TICS como recurso nas diferentes unidades didácticas
As actividades propostas fomentaron a motivación de todo o alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización foi adecuada
Os recursos foron os adecuados e suficientes
Medidas de atención á diversidade
As actividades fomentaron a participación de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíse a participación activa de todo o alumnado

Descrición:

Para valorar a práctica docente empregase unha rúbrica na cal as valoracións son: ÓPTIMO, PARA REVISAR ou PARA REELABORAR. Cubrirase ao rematar cada unha das unidades didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorárase a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos podemos avaliar globalmente todo o proceso.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias coa fin de melloralas usaremos como instrumento unha taboa de indicadores onde se valorará do 1 ao 4 os items antes mencionados.

O seguimento da programación realízase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación Proens.

A información do seguimento da programación didáctica trasládase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

9. Outros apartados